

TEORÍA SINTÁCTICA 2º ESO

1. A FRASE / SINTAGMA


A frase defínese coma unha agrupación de palabras con sentido pero sen verbo.

Tendo en conta o núcleo da frase, estas clasifícanse da seguinte maneira:

1.1. FRASE / SINTAGMA NOMINAL


Pode estar constituída por un determinante (artigo, demostrativo, posesivo, indefinido e numeral) que fai a función de DET (determinante) e un substantivo que fai a función de NUC (NÚCLEO).

A fórmula desta frase é : DET + NUC



Tamén pode estar formada por un NÚCLEO (NUC), que sempre é un **substantivo**, e un MODIFICADOR (MOD) que pode ser un adxectivo, frase preposicional.

A súa fórmula é: NUC + MOD / MOD+NUC



1.2 FRASE / SINTAGMA ADXECTIVA

Está constituída por un NÚCLEO (NUC), que sempre é un **adxectivo**, e un MODIFICADOR (MOD) que normalmente é un adverbio.

A súa fórmula é: NUC + MOD / MOD+NUC

2. AS FUNCIÓNS SINTÁCTICAS

2.1. SUXEITO (SUX.)

É aquela parte da oración que nos indica quen realiza a acción. Para identificalo temos que ter en conta os seguintes aspectos:

- Indica quen fai a acción.
- Concorda en número e persoa co verbo.
- Preguntamos ó verbo: **QUEN?**

Ex. O libro é interesante → quen é interesante? O libro
Os libros son interesantes

2.2. COMPLEMENTO DIRECTO (C.D.)

Indica sobre quen recae a acción designada polos verbos predicativos.

Para recoñecer o CD hai que ter en conta os seguintes aspectos:

- Preguntamos **QUE** ó verbo.
- Pasamos a oración a **pasiva**: se o que consideramos que é C.D. pasa a ser SUXEITO, queda demostrado que é C:D.
- **Substituímos polos pronomes** O,A,OS,AS (hai que ter en conta que se o verbo remata en –S ou –R o pronome pasa a ser - LO, -LA,- LOS, -LAS. Se o verbo remata en ditongo decrecente o pronome convértese en –NO,-NA, -NOS, -NAS)

Ex. Levei o can ó veterinario → **QUE** levei? O can
O can foi levado ó veterinario
Levei**NO** ó veterinario

O CD SÓ PODE LEVAR A PREP. A

COMO SE FAI A PASIVA?

A pasiva é unha estrutura na que se emprega o verbo ser + participio e se indica quen fai a acción mediante a preposición por. (complemento axente)

Ex. A letra **foi escrita** polo propio cantante.

Para pasar unha oración de voz activa (o neno fai un debuxo) a pasiva sigúnese os seguintes pasos:

1. O suxeito pasa a ser complemento axente: polo neno
2. O verbo cámbiase por unha construción de ser + participio: é feito.
1. O CD pasa a suxeito: o debuxo é feito polo neno.

2.3. COMPLEMENTO INDIRECTO (C.I.)

Indica o beneficiario sobre quen recae indirectamente a acción designada polo verbo.
Para recoñecelo hai que aplicar as seguintes probas:

- Preguntamos ó verbo A QUEN, PARA QUEN?
- Se o CI está en terceira persoa substituímoslo polo pronome LLE, LLES.

Ex. Merquei un agasallo para Inés → PARA QUEN? Para Inés.
Merqueille un agasallo.

O CI SÓ PODE LEVAR AS PREP. A, PARA

2.4. ATRIBUTO (ATR.)

Para recoñecelo hai que ter en conta os seguintes aspectos:

- Responde á pregunta: como?
- Aparece cos verbos copulativos: SER, ESTAR, PARECER, SEMELLAR,
- Concorda en xénero e número co suxeito

Ex. Os libros parecen interesantes
Atr.

A casa é nova
Atr.

Cando se cumpren estes requisitos na oración temos un **PREDICADO NOMINAL**

2.5. PREDICATIVO (PVO)

É moi parecido ó atributo pero non aparece cos verbos copulativos.

Responde á pregunta **COMO?** pero non podemos confundilo co CCModo porque o **PVO concorda** en **xénero e número co SUX ou co CD**

Ex. os alumnos saíron enfadados → O alumno saíu enfadado
Pvo

2.6. COMPLEMENTO AXENTE (C.AX.)

Aparece nas oracións pasivas e indica a persoa que fai a acción. Vai introducida por POR

Ex. O relato foi escrito por Antón → C.AX.
A casa foi pintada polo albanel → C.AX.

2.7. COMPLEMENTO DE RÉXIME (C. REX.) / COMPLEMENTO PREPOSICIONAL

É un **complemento** introducido sempre por **preposición** e que completa o sentido do verbo.

Non podemos confundilo co C.D, C.I ou CIRCUNSTANCIAIS porque non responde a ningunha das preguntas que facemos para identificar esas funcións.

Hai verbos que necesitan do suplemento para ter sentido completo: pensar en (sempre pensamos en...), arrepentirse de (sempre nos arrepentimos de...), falar de....(se falamos, falamos de...), ameazar con...., acordarse de...., soñar con...., confiar en....,

Ex. Pensei moito en ti → C. REX.
Falaron do problema → C. REX.

2.8. COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAIS

- **C.C TEMPO:** responde a CANDO? Ex. A reunión será o luns → cando? O luns
- **C.C.LUGAR:** responde a ONDE? Ex. reunirémonos no local → onde? No local
- **C.C.MODO:** responde a COMO? Ex. fixémoslo ben → como o fixemos? Ben
- **C.C. CANTIDADE:** responde a CANTO ? EX. custou vinte céntimos? responde a CANTO? → vinte céntimos
- **C.C. COMPañÍA:** responde a CON QUEN? Ex. fun con Pedro? → con quen? Con Pedro
- **C.C. INSTRUMENTO:** responde a CON QUE? Ex. escribiu con lapis → con que? Con lapis
- **C.C. CAUSA:** responde a POR QUE? Ex. non foi porque estaba enfermo → por que? Porque estaba enfermo
- **C.C. FINALIDADE:** responde a PARA QUE? Ex. o cuestionario é para responder → para que? Para responder